

COMUNICADO DE PRENSA

Apoia as reivindicacións de todas as persoas afectadas

O Consello da Avogacía Galega reclama unha pasarela ao RETA xusta e voluntaria, e dignidade para os mutualistas máis veteranos

Galicia. Venres 24 de abril de 2026./ O Consello da Avogacía Galega (CAG), que agrupa aos sete colexios da avogacía da comunidade, quere facer público o total apoio ás reivindicacións de todas as persoas mutualistas afectadas. É o momento de que as institucións se fagan eco dun sentir común na nosa profesión. Por iso, ante a actual tramitación lexislativa no Congreso dos Deputados, o Consello quere manifestar:

1) **Apoio á Pasarela ao RETA:** Instamos a todos os partidos políticos e grupos parlamentarios a que apoien unha Lei que regule unha pasarela ao RETA “xusta e voluntaria” para todas as persoas mutualistas que así o desexen.

2) **Dignidade para os sectores máis veteranos:** Valoramos positivamente as enmendas transaccionais que propoñen recoñecer cada mes na mutualidade como un mes de alta na Seguridade Social para as persoas maiores de 55 anos. Trátase dunha medida de xustiza básica para quen dedicou toda a súa vida ao exercicio profesional.

3) **Garantía de pensiones dignas:** Non podemos permitir que ninguén, incluídas as persoas que xa están percibindo unha prestación (persoal pasivo), reciba unha contía inferior ao 100% da pensión mínima do sistema público.

O CAG seguirá traballando para que o texto final da Lei elimine barreiras temporais e garanta que ninguén quede atrás nesta transición, independentemente da súa data de alta ou situación administrativa.

Saúdos e grazas pola difusión,

Gabinete de prensa

981 120 884